

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

ORDE do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN201G).

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.17, atribúe á nosa comunidade autónoma competencias exclusivas en materia de artesanía. A Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, establece o marco legal de actuación do sector artesán en virtude das citadas competencias e establece a creación do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de carácter público e voluntario, como instrumento que permite coñecer a dimensión de cada grupo artesanal e o alcance da acción administrativa circunscrita ao ámbito xeográfico da nosa comunidade.

O Decreto 175/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, indica que corresponde á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, coordinación e control das competencias da consellería en materia de artesanía.

A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co cal se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual.

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, puxo en marcha o Plan de artesanía de Galicia, que desenvolveu unha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector. As liñas marcadas na folla de ruta do devandito plan van alén da súa vixencia temporal, cunha visión a máis longo prazo, imprescindible para acadar un sector artesanal sólido e sustentable no tempo.

Por isto cómpre dar continuidade ás medidas de fortalecemento da comercialización da artesanía galega, que require, entre outras actuacións, o acceso a novos mercados, tanto



nacionais como internacionais, a apertura a clientes potenciais e a promoción das feiras sectoriais e de novas canles de comercialización da artesanía.

Cómpre, por tanto, proceder a unha nova convocatoria de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, co obxecto de impulsar accións de promoción comercial a través da participación en feiras e certames, así como a organización de eventos feirais para o fortalecemento da comercialización da artesanía galega a través dos obradoiros artesanais, concellos galegos e asociacións profesionais e empresariais de artesáns.

A Orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VII no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 19 de outubro de 2015.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta orde enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 está consignado crédito por un importe de 255.000,00 euros nas aplicacións orzamentarias seguintes para atender as axudas da presente orde:

09.30.751A.770.3: 130.000,00 €

09.30.751A.761.5: 80.000, 00 €

09.30.751A.781.4: 45.000,00 €



Segundo o teor do exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Consellería de Economía, Emprego e Industria en materia de artesanía, no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:**Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras**

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán para o ano 2018.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as devanditas subvencións para o ano 2018.

3. A concesión da subvención queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión ao abeiro do establecido no artigo 25.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Para a concesión destas subvencións destínase un crédito total de 255.000,00 euros que será imputado ás aplicacións orzamentarias seguintes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2018:

Aplicación orzamentaria	Importe (€)	Beneficiarios
09.30.751A.770.3. Comercialización de artesanía de Galicia. Obradoiros artesanais	130.000,00 €	Artigo 3, alínea a) do anexo I
09.30.751A.761.5. Comercialización e promoción de feiras de Artesanía de Galicia	80.000, 00 €	Artigo 3, alínea c) do anexo I
09.30.751A.781.4. Comercialización de artesanía de Galicia. Asociacións profesionais artesanais	45.000,00 €	Artigo 3, alínea b) do anexo I

Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito cando o aumento veña derivado:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.



O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

Artigo 2. *Solicitudes*

Para poder ser beneficiario/a da subvención deberá presentarse unha solicitude dirixida á Consellería de Economía, Emprego e Industria axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4 das bases reguladoras.

Artigo 3. *Lugar e prazo de presentación das solicitudes*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).

2. A presentación electrónica será obrigatoria para os concellos e as asociacións profesionais e empresariais de artesáns.

3. Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a subsanación.

4. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

5. Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, titulares de obradoiros artesanais, opcionalmente poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

6. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é



autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

Nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á persoa interesada a súa presentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

7. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse por medios electrónicos accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

8. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

10. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.



Para estes efectos, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro do mes.

Artigo 4. *Datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades», cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, planta 4ª, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lopd.industria@xunta.gal

Artigo 5. *Prazo de duración do procedemento de concesión*

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a cinco meses, contados a partir do día seguinte ao do remate de presentación de solicitudes. O vencemento do prazo máximo sen facer efectiva a notificación da resolución, lexítima os interesados para entenderen desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Artigo 6. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se efectúen ou deixen de efectuar por medios electrónicos.



2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións ao dispositivo electrónico e/ou ao enderezo de correo electrónico que consten na solicitude. Estes avisos non terán en ningún caso efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos, deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida nin produza efectos no procedemento unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio ou sexa expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico efectuarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega (en diante, Lei 1/2016), e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren imponse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. Por outra parte, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información requirida por esta, o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.



Artigo 8. Información aos interesados

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código IN201G, poderase obter información na Dirección Xeral de Comercio e Consumo e na Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria (<http://ceei.xunta.gal>) na súa epígrafe de axudas ou www.artesaniadegalicia.xunta.gal.

b) Na guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.gal>

c) Nos teléfonos 981 54 55 99 e 881 99 91 78 da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

d) Nos teléfonos 881 99 91 71 ou 881 99 91 75 da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

e) Nos enderezos electrónicos cei.dxcomercio@xunta.gal e centro.artesania@xunta.gal

f) Presencialmente.

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a directora xeral de Comercio e Consumo para ditar as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2017

Francisco José Conde López
Conselleiro de Economía, Emprego e Industria



ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán (código de procedemento IN201G)Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o fomento e a comercialización da artesanía galega a través do apoio aos obradoiros artesanais, concellos galegos e asociacións profesionais e empresariais de artesáns (código de procedemento IN201G).

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Así mesmo, quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis* (agás no caso dos concellos), polo que non poderán exceder os límites cuantitativos de 200.000 euros nun período de tres anos establecidos no Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión da Unión Europea, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1).

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante Lei 9/2007) consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada.

4. En concreto, considéranse actuacións subvencionables as desenvolvidas por titulares de obradoiros artesanais, concellos galegos e asociacións profesionais e empresariais de artesáns que a seguir se especifican, sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2018 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 18, coa excepción dos gastos efectuados no ano 2017 exixidos para a participación en eventos expositivos do ano 2018. Respecto das feiras que se celebren no período posterior á data de xustificación da subvención establecida no artigo 18, consideraranse aqueles gastos efectivamente pagados ao remate da finalización da data de xustificación da subvención.

Agás os investimentos recollidos na alínea anterior, todos os investimentos deberán estar plenamente realizados, operativos e verificables na data límite de xustificación das actuacións.



1) Para titulares de obradoiros artesanais.

Consideráanse actuacións subvencionables:

a) A participación como expositor en feiras profesionais de artesanía nacionais ou celebradas no estranxeiro nas cales non se realiza venda directa con retirada de mercadoría.

A porcentaxe subvencionable acadará o 80% do investimento, cun máximo de 3.000,00 euros de subvención por certame, impostos excluídos.

b) A participación como expositor en feiras non profesionais de artesanía, fóra do ámbito da comunidade autónoma, que se celebren nos mercados nacionais ou internacionais. Poderase solicitar un máximo de 3 feiras no caso de que estas se celebren no período posterior á data de xustificación da subvención e aínda non tivesen data de convocatoria ou de apertura do prazo de inscrición na data de finalización do prazo de presentación das solicitudes.

A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento superior a 500 euros, cun máximo de 1.100 euros de subvención por certame, impostos excluídos.

c) A participación como expositor en accións comerciais emerxentes de carácter temporal e presentación de produtos en *pop ups*, *corners* e *showrooms*.

A porcentaxe subvencionable acadará o 50 % do investimento superior a 500 euros, cun máximo de 1.100 euros de subvención por actuación, impostos excluídos.

Son gastos subvencionables os que ocasione o aluguer do espazo expositivo que se contrata, seguros e aqueles servizos de carácter básico e obrigatorio sinalados polo regulamento da feira. No caso de actuacións recollidas na alínea a) serán subvencionables, ademais, os gastos que ocasione a contratación de servizos de tradución e o transporte internacional do material expositivo. No caso das actuacións sinaladas na alínea b), serán subvencionables tamén os gastos que orixine a contratación de servizos de transporte do material expositivo realizados por un transportista profesional ou empresa de transporte.

O importe máximo de subvención para o conxunto de todas as actuacións subvencionables non poderá superar 8.000,00 euros, IVE excluído.



2) Para concellos.

Consideráanse actuacións subvencionables a organización e celebración de feiras de artesanía:

a) Feiras monográficas cuxo obxectivo sexa a venda e posta en valor de produtos dun mesmo oficio tradicional, cun número mínimo de 15 edicións, incluíndo a edición en curso. A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento cun máximo de 15.000 euros de subvención por feira.

b) Feiras non monográficas de distintos oficios cun número mínimo de 5 edicións, incluíndo a edición en curso. A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento. O importe máximo de subvención será de 3.000 euros por feira se contan cun mínimo dun 80 % de expositores, sobre o total de postos, de produtos artesanais inscritos na Sección Segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesanais). Para as que non alcancen o 80 % de expositores mencionados, o importe máximo de subvención será de 1.500 euros por feira.

Son gastos subvencionables a infraestrutura, os servizos propiamente feirais e a publicidade que cumpran co establecido no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (en diante, Decreto 193/2011).

O importe máximo de subvención para o conxunto de todas as actuacións subvencionables non poderá superar os 15.000 euros.

3) Para asociacións profesionais e empresariais de artesáns.

Consideráanse actuacións subvencionables:

a) Organización de feiras de artesanía no ámbito da Comunidade Autónoma de distintos oficios cun número mínimo de 15 edicións, incluíndo a edición en curso, que contan cun mínimo dun 80 % de expositores (sobre o total de postos) de produtos artesanais inscritos na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesanais). A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento cun máximo de 15.000 euros de subvención por certame.

Son gastos subvencionables a infraestrutura, os servizos propiamente feirais e a publicidade.



O importe máximo de subvención para o conxunto de todas as actuacións subvencionables non poderá superar os 30.000,00 euros.

b) Participación como expositor en feiras profesionais nacionais ou celebradas no estranxeiro en que non se realice venda directa con retirada da mercadoría.

A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento, cun máximo de 7.000 euros de subvención por feira.

Son gastos subvencionables os que ocasione o aluguer do espazo expositivo que se contrata, seguros e aqueles servizos de carácter básico e obrigatorios sinalados polo Regulamento da feira, así como os gastos que ocasione a contratación de servizos de tradución e o transporte internacional do material expositivo.

O importe máximo de subvención para o conxunto de todas as actuacións subvencionables non poderá superar os 15.000 euros.

5. Actuacións e gastos non subvencionables:

a) Gastos derivados da participación en feiras: construción das casetas, seguros non obrigatorios, vixilancia, contratación de persoal de atención ao público, de intérpretes (coas excepcións recollidas nos números anteriores), axudas de manutención, desprazamentos, aloxamento e publicacións.

b) Organización e celebración de feiras: gastos derivados de seguros non obrigatorios, axudas de manutención, desprazamentos e aloxamento, regalos promocionais e a realización de cócteles e actos análogos, gastos de persoal propio da entidade de que se trate, así como calquera outro gasto derivado da súa actividade habitual.

c) Organización, celebración e participación en feiras de carácter gastronómico e turístico.

d) Os impostos recuperables ou repercutibles polo/a beneficiario/a e os investimentos realizados con fórmulas de arrendamento financeiro.

e) Aquelas que non estean directamente vinculadas coa realización da actuación subvencionable, e/ou directamente relacionadas coa cualificación dos obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.



Artigo 2. Financiamento e concorrencia

1. Para a concesión destas subvencións destínase un crédito total de 255.000,00 €, que será imputado ás aplicacións orzamentarias seguintes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2018:

09.30.751A.770.3: 130.000,00 €

09.30.751A.761.5: 80.000,00 €

09.30.751A.781.4: 45.000,00 €

As ditas aplicacións orzamentarias están financiadas por fondos propios libres.

2. O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o 100 % do investimento subvencionable.

3. As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería e entes dependentes para os mesmos conceptos subvencionables.

Artigo 3. Beneficiarios/as

Poderán ser beneficiarios/as das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases e sempre que nos solicitantes non concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Titulares de obradoiros artesanais, xa sexan persoas físicas ou xurídicas e comunidades de bens, que cumpran o seguinte requisito:

– Figurar o obradoiro artesán inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. No caso de novos obradoiros, terán de prazo ata a data límite de presentación da solicitude de subvención para solicitar a inscrición no dito rexistro.

b) Asociacións profesionais e empresariais de artesáns de Galicia legalmente constituídas que cumpran o seguinte requisito:

– Que cando menos 10 dos seus membros figuren inscritos na sección segunda (obradoiros artesanais) do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.



c) Concellos que cumpran o seguinte requisito:

- Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia que organicen feiras de artesanía.

Artigo 4. *Solicitudes*

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican na convocatoria.

2. Xunto coa solicitude (anexo II) deberá presentarse a documentación que se refire a seguir.

2.1. Documentación xurídico-administrativa da entidade solicitante, que deberá estar en vigor:

2.1.1. Titulares de obradoiros artesanais:

- Anexo II.

- Facturas ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención.

- Folla de solicitude de espazo da feira onde se especifiquen os servizos contratados. No caso de certames e feiras non profesionais de artesanía, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo solicitará a certificación dunha asociación profesional de artesáns de Galicia acreditativa da solvencia do evento respecto do seu arraigo e indubidable interese comercial.

- As solicitudes de subvención para a participación en feiras que ao final do prazo de presentación de solicitudes aínda non tivesen data de convocatoria ou de apertura do prazo de inscrición poderán substituír a factura pro forma ou o orzamento detallado de gastos realizado polo proveedor ou tarifa oficial de gasto, así como a folla de solicitude de espazo da feira, por unha estimación de gastos en que se especifiquen os servizos que se van contratar, asinada pola persoa solicitante ou representante da entidade.

Para a participación como expositor en accións comerciais emerxentes de carácter temporal e presentación de produtos en *pop ups*, *corners* e *showrooms*:

- Memoria explicativa en que consten a infraestrutura do posto e, se for posible, os días de presentación, horario e lugar de realización e identificación da entidade organizadora.



No caso de comunidades de bens:

– Deberán constar expresamente (anexo IV) os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación e o importe de subvención que se aplicará por cada un, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. Deberá nomearse un representante único da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación. Non poderá disolverse ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia.

Respecto dos obradoiros que soliciten a participación en feiras de artesanía que no momento da resolución de concesión aínda non dispoñan de data de convocatoria ou non teñan aberto o prazo de inscrición e as entidades organizadoras non emitan facturas pro forma:

– Poderase substituir a documentación que figura nas alíneas anteriores por un informe da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño, por proposta da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, que acredite a relevancia, arraigamento e interese comercial do evento e que informe da non apertura dos prazos de inscrición e das datas de convocatoria da feira de que se trate, con data inmediatamente anterior á proposta de resolución de concesión. Esta documentación non será achegada polo solicitante.

2.1.2. Asociacións profesionais e empresariais de artesáns:

– Anexo II.

– Facturas ou, na súa falta, facturas pro forma ou orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades para as cales se solicita subvención.

Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

No obstante, no presente procedemento admitiranse os documentos en papel ou copias debidamente compulsadas debido a circunstancias funcionais e/ou tecnolóxicas derivadas da implantación progresiva por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación á organización da emisión das copias auténticas electrónicas.



Participación en feiras:

- Folla de solicitude de espazo da feira onde se especifiquen os servizos contratados.

Organización de feiras:

- Anexo V.

– Memoria explicativa do evento en que consten os seguintes datos: datas de celebración, horario e lugar; número de edición, relación de expositores e de obradoiros artesanais en que se indicará o NIF do obradoiro ou, se for o caso, do seu responsable para os efectos da súa consulta no RXAG; relación de oficios convocados (segundo o anexo V). Este anexo acompañarase dun informe da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

– Esbozo do recinto feiral; infraestrutura do recinto con servizos cos que conta e características dos postos; campaña publicitaria que se realizará para a difusión do evento e calquera outro aspecto relacionado co evento.

As solicitudes de subvención para a participación ou organización de feiras que ao final do prazo de presentación de solicitudes aínda non tivesen data de convocatoria ou de apertura do prazo de inscrición:

– No caso de participación en feiras, poderase substituír a factura pro forma ou o orzamento detallado de gastos realizado polo provedor ou tarifa oficial de gasto, así como a folla de solicitude de espazo da feira, por unha estimación de gastos en que se especifiquen os servizos que se van contratar, asinada polo representante da entidade.

– No caso de organización de feiras, ademais do sinalado na alínea anterior respecto das facturas pro forma, a relación de expositores e de obradoiros artesanais que se presentará coa documentación entenderase referida á edición inmediatamente anterior (anexo V).

En ambos os dous casos, con anterioridade á proposta de resolución de concesión da subvención, requirirase a presentación desta documentación (artigo 20.4 e 5 da Lei 9/2007).

– Certificado expedido pola persoa que exerza a secretaría ou representación da asociación profesional e/ou empresarial de artesáns que acredite a relación de asociados que a integran, indicando o seu NIF correspondente.



2.1.3. Concellos:

– Anexo II.

– Os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa.

Cando o beneficiario non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel, de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

No obstante, no presente procedemento admitiranse os documentos en papel ou copias debidamente compulsadas debido a circunstancias funcionais e/ou tecnolóxicas derivadas da implantación progresiva por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación á organización da emisión das copias auténticas electrónicas.

– Anexo V.

– Memoria explicativa do evento en que consten os seguintes datos: datas de celebración, horario e lugar; número de edición, relación de expositores e de obradoiros artesanais en que se indicará o NIF do obradoiro ou, se for o caso, do seu responsable para os efectos da súa consulta no RXAG; relación de oficios convocados (anexo V).

– Esbozo do recinto feiral; infraestrutura do recinto cos servizos con que conta e características dos postos; campaña publicitaria que se realizará para a difusión do evento e calquera outro aspecto relacionado co evento.

– Xustificar que se atopa ao día na rendición de contas xerais ante o Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011.

– As solicitudes de subvención para a organización de feiras que ao final do prazo de presentación de solicitudes aínda non tivesen data de convocatoria ou de apertura do prazo de inscrición poderanse acompañar da documentación seguinte:

– Poderase substituír a factura pro forma ou o orzamento detallado de gastos realizado polo proveedor ou tarifa oficial de gasto, por unha estimación de gastos en que se especifiquen os servizos que se van contratar, asinada pola persoa representante da entidade.



– A relación de expositores e de obradoiros artesanais que se presentará coa documentación entenderase referida á edición inmediatamente anterior (anexo V).

En ambos os dous casos, con anterioridade á proposta de resolución de concesión da subvención, requirirase a presentación desta documentación (artigo 20.4 e 5 da Lei 9/2007).

2.1.4. Comprobación de documentación:

No caso de obradoiros artesanais que sexan persoas xurídicas ou comunidades de bens e asociacións profesionais e empresariais de artesáns, non terán que presentar a seguinte documentación se esta se atopa en poder da Administración:

a) Acta e estatutos de constitución e modificacións posteriores, se é o caso, acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.

b) Poder bastante de quen represente a entidade solicitante.

c) Se é o caso, acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente.

d) Se é o caso, documentación acreditativa da exención do imposto sobre o valor engadido (IVE).

2.2. Para os efectos sinalados no artigo 9 destas bases achegarase, se é o caso, a seguinte documentación, que en ningún caso será obxecto de requirimento:

– Certificado/s da/s entidade/s bancaria/s onde figure que a persoa solicitante posúe medios de pagamento electrónicos.

– Acreditación da participación e/ou organización de cursos de formación nos últimos 12 meses á data do inicio da presentación da solicitude desta convocatoria.

– Acreditación de páxina web ou sitio da internet, redes sociais para uso comercial (Facebook, twitter, Instagram...).

Artigo 5. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas, agás os concellos:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante.



b) NIF da entidade solicitante.

c) DNI/NIE da persoa representante da entidade solicitante.

d) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.

e) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral de Seguridade Social.

f) Certificación de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Facenda da Xunta de Galicia.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro habilitado no modelo de solicitude e achegar os documentos correspondentes.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 6. *Órganos competentes*

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, así como para realizar a proposta de resolución ao conselleiro, e corresponde ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria ditar a resolución que corresponda, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

Artigo 7. *Instrución dos procedementos*

1. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou presente os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, terase por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administra-



tivo común das administracións públicas, os requirimentos de emenda poderanse realizar mediante publicación no *Diario Oficial de Galicia* e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios da páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG, e poderase facer indicación de que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado taboleiro. Se a instrución do procedemento o aconsella, o órgano competente poderá substituír esta publicación pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderá requirirse o solicitante para que subministre cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación ou que non conteñan a documentación necesaria quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

Artigo 8. *Comisión de valoración*

1. A comisión de avaliación será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos/ás interesados/as.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

Presidencia: a persoa titular da Subdirección Xeral de Comercio e Consumo.

Vogais:

– O xefe do Servizo de Promoción Comercial e da Artesanía.

– Un/unha xefe/a de sección da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.



– Secretaría: un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Comercio e Consumo

3. A comisión de valoración constituirase na sede do devandito centro directivo. O seu funcionamento rexerese polo disposto na sección 3ª do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia.

Se por causa xustificada, no momento en que a comisión de avaliación teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas que a compoñen non puider asistir, será substituída pola persoa que para o efecto designe o órgano competente para resolver.

4. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de forma individualizada os/as solicitantes propostos/as para obter a subvención, especificando a avaliación que lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicarse o importe da subvención para cada un deles/as ata esgotar o crédito dispoñible.

5. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para seren atendidas ben co crédito que quede libre, se se producir algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

Artigo 9. *Criterios de valoración*

Os criterios de valoración que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención, serán os seguintes:

Obradoiros artesanais:

1. Feiras profesionais nacionais e celebradas no extranxeiro: asistencia a un certame, 3 puntos, asistencia a dous ou máis, 4 puntos.
2. O/a titular do obradoiro é artesán/á mozo/a, ata os 35 anos inclusive, ou muller, 2 puntos.
3. Estar adherido o obradoiro ao Sistema arbitral de consumo, 1 punto.
4. Exercer a actividade nun municipio de menos de 5.000 habitantes, 2 puntos.



5. Posta á disposición dos clientes de medios de pagamento electrónicos: 1 punto.

6. Acreditación da participación en cursos de formación nos últimos doce meses anteriores á data do inicio de presentación de solicitudes desta convocatoria, impartidos ou organizados polas asociacións profesionais de artesáns da Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño: 1 punto por asistencia a un curso, 2 puntos por asistencia a dous cursos e 3 puntos por asistencia a tres ou máis cursos.

7. Páxina web ou sitio da internet, redes sociais para uso comercial (Facebook, Twiter, Instagram...): 2 puntos.

Concellos:

1. Grao de consolidación da feira:

- a) Feiras cun número de entre 5 e 14 edicións, incluíndo a edición en curso: 1 punto.
- b) Feiras cun número de entre 15 e 20 edicións, incluíndo a edición en curso: 2 puntos.
- c) Feiras cun número de entre 21 e 25 edicións, incluíndo a edición en curso: 3 puntos.
- d) Feiras con máis de 25 edicións, incluíndo a edición en curso: 4 puntos.

2. Número de expositores de produtos artesanais inscritos na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesanais):

- a) Feiras cun número de expositores entre 10 e 20: 2 puntos.
- b) Feiras cun número de expositores entre 21 e 30: 3 puntos.
- c) Feiras cun número de expositores superior a 30: 4 puntos.

3. Feiras que inclúan no seu programa demostración de oficios artesanais en vivo: 2 puntos.

Todos os criterios de valoración se acreditarán mediante declaración responsable do concello (anexo V).



Asociacións profesionais e empresariais de artesáns:

1. Participación en feiras profesionais nacionais e celebradas no estranxeiro: asistencia a un certame, 3 puntos, asistencia a dous ou máis, 4 puntos.

2. Grao de consolidación da feira:

a) Feiras cun número de entre 15 e 20 edicións, incluíndo a edición en curso: 2 puntos.

b) Feiras cun número de entre 21 e 25 edicións, incluíndo a edición en curso: 3 puntos.

c) Feiras con máis de 25 edicións, incluíndo a edición en curso: 4 puntos.

3. Número de expositores de produtos artesanais inscritos na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesanais):

a) Feiras cun número de expositores entre 10 e 20: 2 puntos.

b) Feiras cun número de expositores entre 21 e 30: 3 puntos.

c) Feiras cun número de expositores superior a 30: 4 puntos.

4. Feiras que inclúan no seu programa demostración de oficios artesanais en vivo: 2 puntos.

5. Acreditación da organización de cursos de formación nos últimos doce meses á data do inicio de presentación de solicitudes desta convocatoria, impartidos ou organizados polas asociacións profesionais de artesáns da Comunidade Autónoma de Galicia, 1 punto por organización dun curso, 2 puntos por dous cursos e 3 puntos por tres o máis cursos.

Todos os criterios de valoración se acreditarán mediante a correspondente declaración responsable da asociación (anexo V) e informe da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño.

Unha vez esgotado o crédito dispoñible, no caso de que máis dunha solicitude obtivese a mesma puntuación, o desempate realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

1º. Menor contía do total da subvención solicitada.



2º. Participación ou organización de feiras profesionais.

3º. Menor poboación do concello onde se sitúe o obradoiro.

Artigo 10. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñeráse de manifesto ás persoas interesadas para que, nun prazo de cinco días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderáse prescindir do trámite a que se refire o número anterior, cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas pola persoa interesada.

Artigo 11. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o instructor formulará a proposta de resolución que se elevará a través do órgano instructor ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

2. O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvencionará e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

A dita resolución será publicada na web <http://ceei.xunta.gal> e notificada ás/aos adxudicatarias/os, de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.a) da mesma lei, poderáse substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será de cinco meses contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, as/os interesadas/os poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá a persoa beneficiaria ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

Nesa notificación comunicarase o importe previsto da axuda, expresado en equivalente bruto de subvención, e o seu carácter de axuda *de minimis*, en aplicación do Regulamento (UE) núm. 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1).

As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente, con indicación das súas causas. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que as persoas non beneficiarias consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 12. *Réxime de recursos*

As resolucións do procedemento ditadas ao amparo desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que a resolución debería ter sido dictada.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13. *Modificación da resolución*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras ad-



ministracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión das subvencións poderá acordar a modificación da resolución por instancia da persoa beneficiaria, cumprindo os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade da presente orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, se concorresen na concesión inicial, non suporían a denegación da axuda ou subvención.

3. A persoa beneficiaria deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida ao conselleiro de Economía, Emprego e Industria, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de vinte días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento subvencionado. No caso dos concellos, poderán solicitar a modificación das características da actividade subvencionada cunha antelación mínima dun mes á data de final do prazo de realización da actividade (artigo 7.1 do Decreto 193/2011). Non facelo dará lugar á perda da totalidade da subvención na parte afectada pola modificación, sen prexuízo de que tamén poderá implicar a perda da totalidade da subvención concedida no caso de variación substancial do proxecto, tramitando, se for o caso, o correspondente procedemento de reintegro.

4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia á persoa interesada no termos previstos no artigo 10 destas bases.

Artigo 14. *Aceptación e renuncia*

1. Sen prexuízo dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, de conformidade co disposto polo artigo 21.5 da Lei 9/2007, transcorridos cinco días hábiles desde a notificación ou publicación da proposta de resolución definitiva sen que a persoa interesada comunique expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e desde ese momento adquirirá a condición de persoa beneficiaria.



2. A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. No caso de que se comunique a renuncia en prazo, o conselleiro de Economía, Emprego e Industria ditará a correspondente resolución no termos do artigo 42.1 da mesma lei.

Artigo 15. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias:

1. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas axudas *de minimis* obtidas, para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia o artigo 1.2 das presentes bases. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

5. Acreditar, con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión, encontrase ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



6. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da devandita lei.

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 16. *Obrigas específicas de publicidade*

Os beneficiarios deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007. En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento das actuacións con fondos da Xunta de Galicia.

Os beneficiarios das subvencións quedan obrigados a dar publicidade suficiente da axuda.

1. Deberán incluír, se for o caso, na súa páxina web ou sitio da internet, no caso de que dispoña dun, unha breve descrición da actuación e os logotipos da Xunta de Galicia e da marca Artesanía de Galicia dispoñibles para a súa descarga en <https://www.xunta.gal/identidade-corporativa>.

2. Colocación dun cartel informativo (*display*) no posto en que se especifique o nome do artesán ou empresa artesá, o logotipo da Xunta de Galicia e o logotipo da marca Artesanía de Galicia. O cartel colocarse nun lugar ben visible para o público e deberá manterse en perfectas condicións durante o período de exhibición.

Artigo 17. *Subcontratación*

Enténdese que unha persoa beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constituía o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incorrer o beneficiario para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.



Será de aplicación o disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Faise especial indicación de que as persoas ou entidades subcontractadas non poderán estar vinculadas coa entidade solicitante, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª. Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª. Que se solicite e conceda a súa autorización previa (a solicitude de autorización e a súa xustificación presentaranse xunto coa solicitude de subvención).

Artigo 18. *Xustificación da subvención*

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, nos lugares sinalados no artigo 2 da convocatoria, en orixinal ou copia compulsada, da documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención, que terá de prazo ata o 31 de outubro de 2018. Respecto das feiras que se celebren no período posterior ao final do prazo de xustificación, unha vez finalizada a feira presentarán a xustificación da certificación da asistencia e a documentación gráfica do evento (fotografías).

2. Documentación xustificativa:

2.1. Para todos os beneficiarios:

a) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente (importe sen IVE e importe total), en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto.

b) Xustificación dos pagamentos: acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da devandita entidade bancaria.



c) Anexo III da orde de convocatoria debidamente asinado.

d) Achega da documentación gráfica que acredite o cumprimento da utilización de logos e sinais exixidos para cada unha das axudas concedidas de acordo co artigo 16.

e) Calquera outro documento que se requira na resolución particular de concesión da axuda.

2.2. En concreto para os obradoiros artesanais e as asociacións profesionais de artesáns.

f) No caso de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor, certificacións expedidas polos organismos competentes acreditativas de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar.

g) A xustificación de asistencia a feiras farase efectiva mediante a certificación expresa de participación no certame no período prefixado, emitida pola institución ou entidade organizadora.

h) Documentación que acredite, se for o caso, a non admisión nas feiras solicitadas.

2.3. En concreto para os concellos:

– Certificación do órgano que ten atribuídas as facultades de control da legalidade, acreditativa do cumprimento da normativa de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación.

– Certificación da intervención respecto da achega municipal comprometida para financiar o investimento.

– As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona nos artigos seguintes, e que incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.



No caso de subvencións destinadas a financiar investimentos, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do/da alcalde/sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/da acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto da letra c) deste mesmo artigo, non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e da súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os órganos competentes poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

3. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen tela presentado, de conformidade co disposto polo artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, requirirase o beneficiario para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e a exixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de



subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá o beneficiario das sancións que legalmente correspondan. Os órganos competentes poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

Artigo 19. *Pagamento*

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, e antes de proceder ao seu pagamento, os órganos competentes da consellería poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. O importe da subvención aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira, ao número de conta designado polo beneficiario.

3. O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da subvención efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada do custo final da actividade sempre que se xustifique un mínimo do 40 % do importe establecido na resolución de concesión. No caso de concorrer con outras axudas, aplicarase o disposto no artigo 2.3 destas bases.

Artigo 20. *Incumprimento, reintegros e sancións*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación do cumprimento do proxecto, das condicións impostas na resolución de concesión, das obrigas contidas nestas bases reguladoras, das obrigas contidas no artigo 33 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a subvención percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no título II da Lei 9/2007.

3. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tidas en conta na concesión das axudas, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro.



Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento supera o 50 % da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

4. Ás entidades beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007 e no título VI do seu regulamento.

Artigo 21. *Control*

1. A Consellería de Economía, Emprego e Industria poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 22. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Artigo 23. *Remisión normativa*

Para todo o non previsto nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007, no regulamento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, no Regulamento (UE) nº 1407/2013



da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1) e no resto da normativa que resulte de aplicación.

**Concellos con menos de 5.000 habitantes
(cifras oficiais da poboación en 20 de decembro de 2016)**

Fonte: IGE. Padrón municipal de habitantes. Extraído de <http://www.ine.es> 20.12.2016.

A Coruña	
Aranga	1.982
Baña, A	3.645
Boimorto	2.111
Boqueixón	4.291
Cabana de Bergantiños	4.446
Cabanas	3.259
Capela, A	1.318
Cariño	4.072
Carnota	4.170
Cerdido	1.191
Coirós	1.789
Corcubión	1.606
Curtis	3.980
Dodro	2.853
Dumbría	3.085
Fisterra	4.737
Frades	2.428
Irixoa	1.369
Laxe	3.148
Lousame	3.429
Mañón	1.420
Mazaricos	4.087
Mesía	2.700
Moeche	1.220
Monfero	2.019
Muxía	4.941
Paderne	2.445
Pino, O	4.653



Rois	4.657
San Sadurniño	2.944
Santiso	1.672
Sobrado	1.882
Somozas, As	1.160
Toques	1.196
Tordoia	3.522
Touro	3.703
Trazo	3.190
Val do Dubra	3.974
Vilarmador	1.260
Vilasantar	1.275
Zas	4.756
Lugo	
Abadín	2.559
Alfoz	1.818
Antas de Ulla	2.080
Baleira	1.333
Baralla	2.660
Barreiros	2.970
Becerreá	2.921
Begonte	3.115
Bóveda	1.537
Carballedo	2.280
Castroverde	2.726
Cervantes	1.458
Cervo	4.295
Corgo, O	3.581
Cospeito	4.754
Folgozo do Courel	1.060
Fonsagrada, A	3.768
Friol	3.894
Guntín	2.833
Incio, O	1.740
Láncara	2.702
Lourenzá	2.259



Meira	1.747
Mondoñedo	3.820
Monterroso	3.741
Muras	668
Navia de Suarna	1.186
Negueira de Muñiz	215
Nogais, As	1.161
Ourol	1.034
Palas de Rei	3.554
Pantón	2.620
Paradela	1.887
Páramo, O	1.456
Pastoriza, A	3.212
Pedrafita do Cebreiro	1.088
Pobra do Brollón, A	1.752
Pol	1.696
Pontenova, A	2.402
Portomarín	1.528
Quiroga	3.354
Rábade	1.521
Ribas de Sil	992
Ribeira de Piquín	570
Riotorto	1.322
Samos	1.392
Saviñao, O	3.926
Sober	2.375
Taboada	2.928
Trabada	1.133
Triacastela	680
Valadouro, O	2.016
Vicedo, O	1.802
Xermade	1.943
Xove	3.376
Ourense	
Amoeiro	2.264
Arnoia, A	1.002



Avión	1.910
Baltar	986
Bande	1.668
Baños de Molgas	1.648
Beade	427
Beariz	1.003
Blancos, Os	850
Boborás	2.443
Bola, A	1.270
Bolo, O	963
Calvos de Randín	856
Carballeda de Avia	1.381
Carballeda de Valdeorras	1.664
Cartelle	2.757
Castrelo de Miño	1.490
Castrelo do Val	1.067
Castro Caldelas	1.313
Cenlle	1.196
Chandrexa de Queixa	506
Coles	3.126
Cortegada	1.151
Cualedro	1.792
Entrimo	1.209
Esgos	1.194
Gomesende	798
Gudiña, A	1.345
Irixo, O	1.546
Larouco	487
Laza	1.377
Leiro	1.642
Lobeira	809
Lobios	1.868
Maceda	2.938
Manzaneda	947
Maside	2.818
Melón	1.280



Merca, A	1.976
Mezquita, A	1.070
Montederramo	791
Monterrei	2.713
Muíños	1.572
Nogueira de Ramuín	2.075
Oímbra	1.894
Paderne de Allariz	1.439
Padrenda	1.893
Parada de Sil	592
Peroxa, A	1.948
Petín	957
Piñor	1.212
Pobra de Trives, A	2.191
Pontedeva	588
Porqueira	859
Punxín	729
Quintela de Leirado	616
Rairiz de Veiga	1.394
Ramirás	1.571
Riós	1.646
Rúa, A	4.530
Rubiá	1.448
San Amaro	1.141
San Cristovo de Cea	2.303
San Xoán de Río	583
Sandiás	1.286
Sarreaus	1.259
Taboadela	1.475
Teixeira, A	368
Toén	2.395
Trasmiras	1.365
Veiga, A	923
Verea	983
Viana do Bolo	2.982
Vilamarín	1.996



Vilamartín de Valdeorras	1.798
Vilar de Barrio	1.394
Vilar de Santos	858
Vilardevós	2.036
Vilariño de Conso	586
Xunqueira de Ambía	1.461
Xunqueira de Espadanedo	800
Pontevedra	
Agolada	2.507
Arbo	2.770
Barro	3.746
Campo Lameiro	1.894
Catoira	3.376
Cerdedo	1.781
Cotobade	4.290
Covelo	2.528
Crecente	2.131
Cuntis	4.794
Dozón	1.107
Forcarei	3.621
Fornelos de Montes	1.748
Illa de Arousa, A	4.909
Lama, A	2.587
Meis	4.844
Mondariz	4.647
Mondariz-Balneario	614
Moraña	4.313
Neves, As	4.038
Oia	3.002
Pazos de Borbén	3.004
Pontecesures	3.040
Portas	3.056
Rodeiro	2.644




XUNTA DE GALICIA

 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN DA ARTESANÍA GALEGA E IMPULSO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR ARTESÁN	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO IN201G	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE								
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF		
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR				
<input type="text"/>				<input type="text"/>				
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				
TELÉFONO		FAX	TELÉFONO MÓBIL		CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
<input type="radio"/> Titular de obradoiro artesán <input type="radio"/> Asociación profesional e/ou empresarial de artesáns <input type="radio"/> Concello								

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN								
Notifíquese a: <input type="radio"/> Persoa ou entidade solicitante/comunicante/declarante <input type="radio"/> Persoa ou entidade representante								
Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:								
TELÉFONO MÓBIL				CORREO ELECTRÓNICO				
<input type="text"/>				<input type="text"/>				
ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE								
As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.								
<input type="radio"/> Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, https://notifica.xunta.gal . Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.								
<input type="radio"/> Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)								
As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido forma voluntaria.								
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR				
<input type="text"/>				<input type="text"/>				
CP	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>				

DATOS BANCARIOS								
Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.								
TITULAR DA CONTA				NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)				
<input type="text"/>				IBAN	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NO CASO DE QUE O SOLICITANTE SEXA UN OBRADOIRO ARTESÁN (indicar enderezo do obradoiro, actividade segundo inscrición no Rexistro de Artesanía de Galicia e número de inscrición neste)								
TIPO DE VÍA		NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>		<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR				
<input type="text"/>				<input type="text"/>				

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: vser8to7-xgs1-1vr5-0js8-6igwn027 13x8


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>


XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
 (continuación)

A PERSONA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*, durante os anos 2015, 2016 e 2017.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

 Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incurso/a en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incurso/a en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Así mesmo, declaro, baixo a miña responsabilidade, que o concello está ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.
7. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Que respecta a prohibición de subcontratación con terceiros nos cales recaía algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.
9. Que as persoas ou entidades subcontratadas para a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención:
- Non están vinculadas coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.
- Si están vinculadas coa entidade solicitante, polo que se achega a xustificación e solicitude de autorización previstas no artigo 18 da orde de convocatoria.
10. Que a devandita empresa non ten a consideración de empresa en crise conforme a definición prevista no artigo 1, número 7, do Regulamento (CE) nº 800/2008 da Comisión, do 6 de agosto, en relación coas pemes e conforme o disposto no número 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (2004/C244/02) en relación coas grandes empresas.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Para TITULARES DE OBRADOIROS ARTESANAIS			
<input type="checkbox"/>	Facturas, facturas <i>pro forma</i> ou orzamentos detallados dos gastos previstos		
<input type="checkbox"/>	Folla de solicitude de espazo da feira		
<input type="checkbox"/>	Para o caso de participación en feiras que ao remate do prazo de presentación de solicitudes aínda non tivesen data de convocatoria ou de apertura do prazo de inscrición, poderán substituír a factura <i>pro forma</i> ou orzamento detallado de gastos realizado polo provedor ou tarifa oficial de gasto, así como a folla de solicitude de espazo da feira, por unha estimación de gastos en que se especifiquen os servizos que se van contratar, asinada pola persoa solicitante ou representante		
Ademais, no caso de participación como expositor en accións comerciais emerxentes de carácter temporal e presentación de produtos en <i>pop ups</i> , <i>corners</i> e <i>showrooms</i>			
<input type="checkbox"/>	Memoria explicativa		
Ademais, no caso de COMUNIDADES DE BENS			
<input type="checkbox"/>	Anexo IV		
Obradoiros artesanais que sexan persoas xurídicas e comunidades de bens			
DOCUMENTACIÓN PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (presumírase que a consulta é autorizada)			
<input type="checkbox"/>	Acta, escritura ou documento de constitución e estatutos da entidade solicitante	ÓRGANO	CÓD. PROC. ANO




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
 (continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (continuación)

Para ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS E EMPRESARIAIS DE ARTESÁNS

 Facturas, facturas *pro forma* ou orzamentos detallados dos gastos previstos

Para participación nos eventos feirais

 Folla de solicitude de espazo da feira

Para organización de eventos feirais

 Anexo V

 Memoria explicativa

 Informe da Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño

 Esbozo do recinto feiral, infraestrutura, campaña publicitaria e calquera outro aspecto relacionado co evento

 Para o caso de organización ou participación en feiras que ao final do prazo de presentación de solicitudes aínda non tivesen data de convocatoria ou de apertura do prazo de inscrición, poderase substituír a factura *pro forma* ou orzamento detallado de gastos realizado polo provedor ou tarifa oficial de gasto, así como, de ser o caso, a folla de solicitude de espazo da feira por estimación de gastos na cal se especifiquen os servizos que se van contratar, asinada pola persoa solicitante ou representante. A relación de expositores e de obradoiros artesáns entenderase referida á edición inmediatamente anterior.

 Certificado que acredite a relación de asociados que a integran indicando os seus NIF

Para CONCELLOS

 Facturas, facturas *pro forma* ou orzamentos detallados dos gastos previstos

 Anexo V

 Memoria explicativa

 Esbozo do recinto feiral, infraestrutura, campaña publicitaria e calquera outro aspecto relacionado co evento

 Xustificación de que se atopa ao día na rendición de contas xerais ante o Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011

 Para o caso de organización de feiras que ao final do prazo de presentación de solicitudes aínda non tivesen data de convocatoria ou de apertura do prazo de inscrición, poderase substituír a factura *pro forma* ou orzamento detallado de gastos realizado polo provedor ou tarifa oficial de gasto, por unha estimación de gastos na cal se especifiquen os servizos que se van contratar, asinada pola persoa solicitante ou representante. A relación de expositores e de obradoiros artesáns entenderase referida á edición inmediatamente anterior

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA CON ANTERIORIDADE (presumírase que a consulta é autorizada)

ÓRGANO
COD. PROC.
ANO
 Acta, escritura ou documento de constitución e estatutos da entidade solicitante

 Poder bastante para actuar ante a Administración do/a representante legal da entidade solicitante

 Se é o caso, acreditación da súa inscrición no rexistro correspondente

 Se é o caso, documentación acreditativa da exención do imposto sobre o valor engadido (IVE)

Documentación que non será obxecto de requirimento, só a efectos de valoración

 Se é o caso, certificado/s da/s entidade/s bancaria/s onde figure que a persoa solicitante posúe medios de pagamento electrónicos

 Se é o caso, acreditación de participación ou organización de cursos de formación nos últimos doce meses

 Se é o caso, acreditación de páxina web ou sitio de internet, redes sociais para uso comercial (Facebook, Twitter, Instagram...)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás Administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se oponan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

OPÓÑOME Á CONSULTA
 DNI/NIE da persoa solicitante

 NIF da entidade solicitante

 DNI/NIE da persoa representante

 Estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria

 Estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social

 Estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Facenda da Xunta de Galicia





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO II
(continuación)

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes serán incluídos nun ficheiro denominado "Relacións administrativas coa cidadanía e entidades" co obxecto de xestionar o presente procedemento, así como para informar as persoas interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é a Xunta de Galicia. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía, Emprego e Industria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Economía, Emprego e Industria, Edificios Administrativos San Caetano, s/n -15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a lop.d.industria@xunta.gal

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 29 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán, e se procede á súa convocatoria para o ano 2018 (código de procedemento IN201G).


SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Dirección Xeral de Comercio e Consumo

 SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas
<https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO III

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS (só para a fase de xustificación)

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMER APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA			
1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:			
<input type="radio"/> Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención.			
<input type="radio"/> Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto e conceptos para os cales solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:			
ORGANISMOS			IMPORTE (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
2. Que en relación con axudas <i>de minimis</i> , durante os anos 2015, 2016 e 2017:			
<input type="radio"/> Non obtivo ningunha subvención ou axuda pública, por calquera concepto, suxeita ao réxime <i>de minimis</i> .			
<input type="radio"/> Si obtivo ou se lle concederon outras subvencións e/ou axudas públicas, por calquera concepto, suxeitas ao réxime <i>de minimis</i> , que son as que a seguir se relacionan:			
ORGANISMOS	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade á presente declaración e, en todo caso, antes do cobramento da/das axuda/s correspondente/s á presente solicitude.			
3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.			
4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.			
5. Así mesmo, declaro, baixo a miña responsabilidade, que o concello está ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.			

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE	
Lugar e data <input type="text"/> , <input type="text"/> de <input type="text"/> de <input type="text"/>	



Dirección Xeral de Comercio e Consumo


XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
 EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO IV

(Só no caso de que o solicitante sexa unha comunidade de bens)


**DECLARACIÓN-COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 8.3 DA LEI 9/2007, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA,
 PARA O PROCEDEMENTO IN201G 2017**

Para os efectos de facer efectivo o cumprimento da normativa recollida no artigo 8.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia

NOME DO MEMBRO DA AGRUPACIÓN	NIF	COTA DE PARTICIPACIÓN NA AGRUPACIÓN (%)	COMPROMISO DE EXECUCIÓN PARA ESTE PROXECTO (%)	IMPORTE APLICABLE DE SUBVENCIÓN (%) (sen IVE)	SINATURAS

NA SÚA CALIDADE DE MEMBROS DA COMUNIDADE DE BENS NIF

Lugar e data , de de



Dirección Xeral de Comercio e Consumo



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

CVE-DOG: vser8to7-xgs1-1vr5-0js8-6igwn027 13x8



**XUNTA DE GALICIA**
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,
EMPREGO E INDUSTRIA

ANEXO V

(Só no caso de organización de feiras promovidas polos concellos ou asociacións profesionais e empresariais de artesáns)

DECLARACIÓN RESPONSABLE**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

RAZÓN SOCIAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA que a dita entidade organizou a seguinte feira de artesanía e que os datos que se relacionan son certos:

NOME DA FEIRA

DATA DE REALIZACIÓN

HORARIO

LOCALIDADE

NÚMERO DE EDICIÓN (incluída a edición en curso)

NÚMERO DE EXPOSITORES INSCRITOS NA SECCIÓN SEGUNDA DO REXISTRO DE ARTESANÍA DE GALICIA (obradoiros artesáns)

NÚMERO TOTAL DE EXPOSITORES DE PRODUCTOS ARTESANAIS (incluídos os obradoiros artesáns)

INCLÚE NO SEU PROGRAMA DEMOSTRACIÓN DE OFICIOS ARTESANAIS EN VIVO


 SI NON

RELACIÓN DE OFICIOS CONVOCADOS

RELACIÓN DE EXPOSITORES INSCRITOS NA SECCIÓN SEGUNDA DO REXISTRO DE ARTESANÍA DE GALICIA (obradoiros artesáns) cos números dos seus correspondentes NIF

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Dirección Xeral de Comercio e Consumo

